



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas** a la disposición de locomotoras diésel en las bases de mantenimiento de Ourense.

Ourense cuenta con tres bases de mantenimiento de la línea de alta velocidad entre Santiago y Pedralba da Pedrera, situadas en O Irixo, A Mezquita y Meamán en Baños de Molgas. Sin embargo, Adif Alta Velocidad solo dispone de una locomotora diésel para hacer frente a incidencias y contingencias que pudieran producirse, como la ocurrida el lunes 28 de abril, con el apagón generalizado.

El único motor diésel disponible está en la base de Meamán y recorre la línea de alta velocidad entre Meamán y Toro en Zamora para inspeccionar la infraestructura y comprobar que no existen problemas. Asimismo, en caso de incidencias o averías, se utiliza para el rescate de trenes.

El corte de electricidad del 28 de abril afectó gravemente al tráfico ferroviario, paralizando por completo el transporte ferroviario y provocó que miles de personas quedaran aisladas en lugares inaccesibles sin asistencia y obligadas a caminar por las vías del tren hasta llegar a una estación o apeadero.

Esta situación puso de manifiesto la falta de medios para rescatar a los viajeros ante contingencias de este tipo, especialmente ante incidentes de tal magnitud. Por tanto, el funcionamiento de una sola máquina parece insuficiente y deberían preverse medios de mantenimiento, supervisión y rescate en caso de incidentes en cada una de las bases.

Cabe recordar que en marzo de 2022, Adif Alta Velocidad licitó el contrato para la adquisición y el mantenimiento integral de 15 locomotoras diésel-eléctricas cuya función principal era realizar labores de exploración, trabajos de mantenimiento, rescate de trenes o realizar tareas de retirada de nieve. Sin embargo, ninguna de estas nuevas máquinas ha sido asignada a ninguna de las bases no cubiertas situadas en Galicia.



**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Por qué razón en la línea de Alta Velocidad Santiago-Pedralba da Pedrería solo hay una locomotora diésel en una de las tres bases de mantenimiento existentes en Ourense, la de Meamán en Baños de Molgas?
2. ¿Es cierto que la vigilancia y el control que realiza se centra casi exclusivamente entre Meamán y Toro? ¿Qué labores realiza en el resto de la línea hasta Santiago? ¿Cuándo se programan?
3. ¿Cuál es el actual protocolo de actuación? Como se actuaría en caso de que los trenes quedasen parados en los tramos posteriores a Meamán? ¿Cuáles son los medios disponibles para la actuación sobre el resto de líneas ferroviarias de Galicia y su distribución?
4. ¿Qué disposición tiene el Ministerio para destinar locomotoras diésel a las otras dos bases de mantenimiento, la de Irixe y A Mezquita, para realizar labores de mantenimiento, inspección de la línea y rescate de trenes en caso de contingencias como la ocurrida el 28 de abril con el apagón?
5. ¿Está de acuerdo el Gobierno en que el gran apagón puso de manifiesto la necesidad de reforzar las bases de mantenimiento en Galicia en la línea de alta velocidad y en la red convencional para disponer de los recursos necesarios ante una nueva contingencia?
6. ¿Cuál fue la distribución territorial de las locomotoras diésel adquiridas en base al contrato de Adif de marzo de 2022 para la adquisición de 15 locomotoras diésel y los contratos de mantenimiento posteriores?
7. ¿Cuáles fueron los criterios utilizados para realizar esta distribución?

Madrid, a 6 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

06 MAY. 2025 20:07:46

Entrada **67436**

## Sobre a dotación das bases de matemento e rescate ferroviario na Galiza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas** á disposición de locomotoras diésel nas bases de mantemento en Ourense.

Ourense conta con tres bases de mantemento para a liña de alta velocidade entre Santiago e Pedralba da Pedrería, sitas no Irixo, A Mezquita e Meamán en Baños de Molgas. Porén, Adif Alta Velocidade so dispón dunha locomotora diésel para facer fronte ás incidencias e continxencias que se poidan producir como a sucedida o luns 28 de abril co apagón eléctrico xeneralizado.

A única máquina diésel dispoñíbel está na base de Meamán e percorre a liña de alta velocidade entre Meamán e Toro en Zamora para inspeccionar a infraestrutura e garantir que está libre de problemas. Así mesmo, en caso de incidencias ou avarías é a que se emprega para o rescate dos trens.

O apagón eléctrico do 28 de abril afectou gravemente ao tráfico ferroviario, paralizandoo por completo o transporte por tren, e provocou que miles de persoas quedaran illadas en paraxes inaccesíbeis sen asistencia e obrigadas a camiñar á beira das vías do tren até chegar a unha estación ou apeadeiro.

Esta situación evidenciou a falta de medios para proceder ao rescate das e dos viaxeiros en caso de continxencias deste tipo, especialmente ante incidencias de tan grande magnitude. Por tanto, parece insuficiente a operatividade dunha única máquina e debera preverse a dotación de medios para o mantemento, a supervisión e o rescate en caso de incidencias en cada unha das bases.



Cabe lembrar que en marzo de 2022, Adif Alta Velocidade licitaba o contrato para a adquisición e o mantemento integral de 15 locomotoras de tipo diésel-eléctricas cuxa principal función era acometer labores de exploración, traballos de mantemento, rescate de trens ou atender tarefas de quitaneves. Porén, ningunha das novas máquinas foi asignada a algunha das bases non cubertas sitas na Galiza.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Por que razón na liña de alta velocidade entre Santiago e Pedralba da Pedrería só se dispón dunha locomotora diésel nunha das tres bases de mantemento existentes en Ourense, na de Meamán en Baños de Molgas?
2. É certo que a vixilancia e control que realiza céntrase case exclusivamente entre Meamán e Toro? Que labores realiza no resto da liña até Santiago? Cando se programan?
3. Cal é o actual protocolo de actuación? Como se actuaría no caso de que os trens quedasen parados nos tramos posteriores a Meamán? Cales son os medios dispoñíbeis para a actuación no resto de liñas ferroviarias na Galiza e a súa distribución?
4. Que disposición ten o Ministerio a destinar nas outras dúas bases de mantemento, a do Irixo e A Mezquita, locomotoras diésel para facer os traballos de mantemento, inspección da liña e de rescate de trens en caso de continxencias como a acontecida o 28 de abril co apagamento?
5. Comparte o Goberno que o grande apagón eléctrico puxo de manifesto a necesidade de reforzar as bases de mantemento na Galiza na liña de alta velocidade e na rede convencional para dispor dos medios necesarios en caso de producirse unha nova continxencia?



6. Cal foi a distribución territorial de locomotoras diésel adquiridas en base ao contrato de Adif de marzo de 2022 para a adquisición de 15 locomotoras diésel e contratos posteriores de mantemento?
7. Cal foron os criterios empregados para realizar ese reparto?

Madrid, a 6 de maio de 2025

A handwritten signature in blue ink is centered on the page. The signature is stylized and appears to read 'Néstor Rego Candamil'.

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**